



TAREFAS DE EDUCACIÓN FÍSICA PARA
A SEMANA DO 11 AO 17 DE MAIO

LETRAS GALEGAS

Como sabedes o próximo domingo, 17 de maio, é o Día das Letras Galegas. Este ano non podemos celebralo no cole, pero aínda así imos facer algo todos xuntos, combinando as tarefas de Educación Física e Música para traballar o folclore tradicional galego.

Prepareivos un "titorial" para que aprendamos a bailar a muiñeira e, despois, poderedes practicar e completar este traballo co que vos manda a profe de Música, Sara.

MOITO ÁNIMO, RAPAZADA!!

Agardamos que vos guste.

A PROFE ANA.



Esta semana preparádevos como se estivésemos en clase. Tedes que dispoñer de tempo para practicar o que se mostra neste vídeo, no que está todo explicado:

<https://youtu.be/E3XYdNIEetA>

Aprenderemos a bailar a Muiñeira (algúns de vós xa aprendestes o ano pasado) e coa música que aparece ao final do vídeo tedes que mandarme **a tarefa desta semana (que conta para subir nota): un vídeo voso bailando**. Por cursos sería o seguinte:

1º e 2º - Elexides unha cousa para bailar: o picado ou o primeiro punto.

3º - Tedes que bailar o picado e o primeiro punto. Para gravar usade a música da gaita que está ao final do vídeo, facendo dúas veces o mesmo punto (Fixádevos cando poña picado e punto na parte inferior do vídeo para que vos sirva de guía).

4º, 5º e 6º: Tedes que bailar a muiñeira completa: picado, 1º punto, picado e 2º punto, gravando coa música que está ao final do vídeo.

Enviade a tarefa ao correo
efcanosarus.2020@gmail.com

Aínda que coste, o importante é que o intentes.
Proba varios días diferentes para ir ensaiando:

A BAILAR!